



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte:

ASUNTO: Aprobación das Becas de transporte escolar do Concello de Vilasantar para o curso 2023/2024

Expte.: 2023/A002/000005 (convocat. Subv.)

Expte: 2023/G003/000402 (decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vistas as Bases reguladoras das becas de transporte escolar do Concello de Vilasantar para o curso 2023/2024, que se achegan como anexo a este decreto.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 de la Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local,

Resolvo:

Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras das becas de transporte escolar do Concello de Vilasantar para o curso 2023/2024.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O manda e o asina a súa señoría o alcalde, e ordea darlle traslado o departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO

Asunto: Becas de transporte escolar do Concello de Vilasantar para o curso 2023/2024.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA BECAS DE TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ANO 2023/2024

Primeira- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a alumnos escolarizados no curso 2023/2024 para transporte escolar.

Segunda- Crédito orzamentario

O Concello de Vilasantar destinará unha cantidade máxima de 2.000,00 € consignada na partida 231 480.00 SUBVENCIONS A FAMILIAS E INSTITUCIONS SEN FINS DE LUCRO

Terceira- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios de ditas subvencións os alumnos escolarizados no curso 2023/2024 que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente das súas obrigas contributivas co Concello de Vilasantar.
- Cursar estudos de bacharelato, formación profesional ou equivalentes nun centro oficial.
- Non ter dispoñibilidade de transporte gratuíto.
- Estar empadroados no concello de Vilasantar.

Cuarta- Solicitude

As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde Presidente do Concello de Vilasantar, podendo presentarse directamente no Rexistro Xeral do Concello Vilasantar, na Sede Electrónica, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, de 13 de xaneiro.

Quinta- Documentación a presentar

A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Declaración xurada de atoparse ao corrente nas obrigas e pagos coa Facenda Municipal
2. Certificación de estar matriculado nun centro oficial de bacharelato, formación profesional ou equivalentes.
- 3.- Certificado de titularidade de conta corrente, número de conta e entidade bancaria, onde debe facerse efectivo o pago da subvención



Sexta- Prazo de presentación de solicitudes e xustificacións e subsanación

- 1.- O prazo de presentación de solicitudes e documentación da Base quinta será de 30 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación das presentes Bases no BOP.
- 2.- Se a documentación aportada polo interesado non reúne tódolos requisitos, requiriráselle para que no prazo de 3 días presente os documentos ou complete a documentación. De non facelo así, perderá o dereito a percibir a subvención.
- 3.- O Concello de Vilasantar, en todo momento, poderá requirir a presentación de outros documentos que garanten o cumprimento dos requisitos presentados nestas bases.
- 4.- A falta de presentación desta documentación no prazo anteriormente sinalado, implicará a perda da subvención.

Sétima- Resolución

A resolución da convocatoria ditarase pola Xunta de goberno local, previa valoración da documentación presentada.

A notificación da Resolución axustarase ás disposicións contidas no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vilasantar, 18 de outubro de 2023

O alcalde

Fernando Pérez Fernández